

PLAN DE IGUALDADE



CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO
CURSO 2019/2020

ÍNDICE

- 1.- Introducción.**
- 1.2 Actuacións no desenvolvemento do Plan de Igualdade.**

- 2.- Análise e xustificación.**

- 3.- Obxectivos/medidas/actuacións/indicadores.**
- 3.1 Medidas concretas de actuación.**

- 4.- Contidos.**

- 5.- Seguimento e avaliación.**

1.- Introducción

De acordo co I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero e para impulsar o modelo de escola coeducativa, que aprobou a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, elaboramos este Plan de Igualdade nunha programación plurianual, que tentará concretar as medidas de actuación recollidas nel para acadar os obxectivos coeducativos.

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización. Os pais/nais e os mestres son os principais transmisores dos valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres.

Dende a escola debemos ir na procura dunha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poidan xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto xénero. Deste xeito, toda a comunidade educativa deberá ter unha participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos, o respecto e a colaboración.

O seguinte Plan de igualdade baséase nos seguintes principios:

a) Valores democráticos.

Igualdade, liberdade e xustiza, que garanten a defensa dos dereitos humanos.

b) Transversalidade.

Introducida nas políticas educativas sobre as perspectivas de xénero.

c) Inclusión.

Que supón a erradicación da discriminación por razón de sexo, xénero, identidade de xénero, ou orientación sexual.

d) Igualdade de oportunidades.

Homes e mulleres gozan das mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

e) Visibilidade.

O Plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

1.1.- Actuacións no desenvolvemento do Plan de Igualdade

- ✓ Diagnóstico xeral do centro en materia de educación na igualdade.

| RÚBRICA PARA ANALIZAR A PRESENZA DA COEDUCACIÓN NO CENTRO | | | |
|--|----|-----|------------|
| INDICADORES | SI | NON | EN PROCESO |
| Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos no PE | | | |
| Está nomeada no Consello Escolar a persoa encargada do seguimento das medidas que fomenten a igualdade | | | |
| Existe igualdade na cartelería no centro | | | |
| Existe igualdade nos documentos do centro | | | |
| Existe igualdade nos comunicados que saen do centro | | | |
| Hai un tableiro específico de coeducación na Biblioteca | | | |
| Presenza na web do centro | | | |
| Sesións informativas para o claustro | | | |
| Sesións informativas para a comunidade educativa | | | |
| Uso igualitario de espazos, recursos e tempos | | | |
| Realización de actividades deportivas e complementarias con perspectiva de xénero. | | | |

2.- Análise e xustificación

A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación modifícase no seguinte:

Se modifica la redacción de los párrafos b), k) y l) y se añaden nuevos párrafos h bis) y q) al artículo 1 en los siguientes términos:

«b) La equidad, que garantice la igualdad de oportunidades para el pleno desarrollo de la personalidad a través de la educación, la inclusión educativa, la igualdad de derechos y oportunidades que ayuden a superar cualquier discriminación y la accesibilidad universal a la educación, y que actúe como elemento compensador de las desigualdades personales, culturales, económicas y sociales, con especial atención a las que se deriven de cualquier tipo de discapacidad.

h bis) El reconocimiento del papel que corresponde a los padres, madres y tutores legales como primeros responsables de la educación de sus hijos.

k) La educación para la prevención de conflictos y la resolución pacífica de los mismos, así como para la no violencia en todos los ámbitos de la vida personal, familiar y social, y en especial en el del acoso escolar.

l) El desarrollo, en la escuela, de los valores que fomenten la igualdad efectiva entre hombres y mujeres, así como la prevención de la violencia de género.

q) La libertad de enseñanza, que reconozca el derecho de los padres, madres y tutores legales a elegir el tipo de educación y el centro para sus hijos, en el marco de los principios constitucionales.»

Deste xeito, os maestro se maestras , como formadores da futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para desenvolver unha convivencia de calidade é a igualdade entre o alumnado; sendo esta unha demanda social á que dende a escola debemos dar resposta.

Que homes e mulleres sexan iguais quere dicir que teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e social, que compartan as responsabilidades familiares, laborales, e de poder. Isto esixe tomar todas aquelas medidas que posibiliten a igualdade formal se convirta en igualdade real.

Non debemos esquecernos que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a ausencia de discriminación pola existencia desas diferenzas. Por todo isto, pensamos que dende a escola queremos educar para a Igualdade, a Paz, a Cooperación e a Solidaridade.

3.- Obxectivos:

- 3.1.-Establecer as condicións para que o centro implemente o Plan de Igualdade a través dunha organización escolar e un currículo sen sesgos de xénero.
- 3.2.- Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- 3.3.-Promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuir a súa erradicación, asegurando unha intervención adecuada ante posibles casos no ámbito educativo.
- 3.4.- Detectar, previr e intervir actitudes ou comportamentos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Obxectivo 1

| MEDIDA | ACTUACIÓN | INDICADORES |
|---|--|--|
| -Integrar e contemplar de modo transversal a perspectiva de xénero no P.E.e nos proxectos que o integran. | -Elaboración do Plan de Igualdade de Xénero que recolle as actuacións do centro en materia de igualdade. - Nomeamento dunha persoa no seo do Consello Escolar encargada de coordinar dito plan. | Autoavaliación por parte do centro dos obxectivos e a eficacia das actuacións contempladas no Plan de Igualdade. |

Obxectivo 2

| MEDIDA | ACTUACIÓN | INDICADORES |
|---|---|---|
| - Impulsar e favorecer a práctica inclusiva e equitativa, mediante a utilización dunha linguaxe non sexista nas súas expresións visuais, orais e escritas e en entornos dixitais. | - O equipo directivo establece as actuacións e directrices para asegurar a utilización dunha linguaxe non sexista no centro. - Dende o centro promoverase a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. - Favorecease a participación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo. | - Valoración do uso e a presenza dunha linguaxe inclusiva tanto a nivel oral coma na escrita. - Equidade na participación de homes e mulleres na vida do centro. |

Obxectivo 3

| MEDIDA | ACTUACIÓN | INDICADORES |
|---|--|--|
| - Promover actuacións encamiñadas á sensibilización, visualización e prevención da violencia de xénero. | - Dende o PAT contemplaranse actuacións específicas de educación en valores non sexistas, de construción de roles de xénero, educación afectivo-social, tendo en conta as distintas orientacións sexuais recoñecidas, autonomía persoal, construción do auto-concepto e elaboración dun proxecto | - Actuacións dirixidas a sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desenvolvidas no ámbito do PAT. |

| | | |
|--|---|--|
| | <p>de vida sen sesgos de xénero.</p> <p>-Colaboración con outras entidades para realizar actividades coeducativas (Concello, biblioteca municipal, Anpa, ...)</p> <p>- Difusión deste Plan entre a comunidade educativa.</p> | |
|--|---|--|

Obxectivo 4

| MEDIDAS | ACTUACIÓN | INDICADORES |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Propoñer e organizar actividades e actos de sensibilización. - Establecer un protocolo de prevención fronte a situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo. - Garantizar o respecto ás manifestacións LGTBI que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade das persoas, conforme a súa identidade e a súa orientación. | <ul style="list-style-type: none"> - Garantizar o respecto á intimidade do alumnado. - Favorecer a incorporación nos documentos do centro de materiais sobre prevención de situacións de discriminación ou acoso por motivos de diversidade sexual, identidade ou expresión de xénero. | <ul style="list-style-type: none"> - Valoración das actividades e medidas adoptadas para previr estas situacións. - Avaliación continua do protocolo de prevención. - Valoración positiva dos resultados obtidos. |

A difusión destes obxectivos farase a través da páxina web do centro.

3.1 Medidas concretas de actuación:

A nivel de Centro:

- Revisión das programacións didácticas e da práctica docente.
- Seguiremos coa participación o máis equitativa posible de ambos sexos nos órganos de xestión e representación do profesorado, alumnado, anpa, etc.
- Uso dos patios e os espazos escolares de forma compartida e no excluínte.

A nivel de aula:

- Asegurar que os recursos e materiais didácticos non representen actitudes ou roles tradicionais de ambos sexos, tanto nas imaxes coma nos textos escritos.
- Coidar que a utilización do espazo, tanto na aula coma nos espazos comúns, sexa equitativa para alumnos e alumnas.
- Contribución por parte do Equipo Educativo a que o alumnado adquira os coñecementos e habilidades para reponder ás responsabilidades familiares e coidados das persoas.
- Inclusión de contidos e ctividades dirixidos a visibilizar a contribución

das mulleres ao desenvolvemento da nosa sociedade.

- Desenvolvemento do PAT con perspectiva de xénero, promovendo a autonomía e iniciativa persoal, educación emocional e afectiva, intervindo na resolución de conflitos a través do Plan de Convivencia.

A nivel alumnado:

- Visualización das diferenzas entre nenos e nenas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas poden producir.
- Visibilizar ás mulleres a través da súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron.
- Non permitir no alumnado agresións e violencia por razón de sexo en expresións, comportamentos, e actitudes.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Potenciar o comportamento solidario.
- Propoñer estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Facilitar o diálogo e a comunicación.

A nivel das familias.

- Dende a escola debemos seguir promovendo o diálogo coas familias sobre a educación en valores do alumnado.
- Colaboración coas familias a través das Anpas, na promoción do repatro das responsabilidades domésticas.

4.- CONTIDOS:

- ✓ Desenvolvemento do autoconhecimento e a autonomía persoal por parte do alumnado.
- ✓ Análisis crítico sobre a violencia de xénero.
- ✓ Modificación dos estereotipos sexistas.
- ✓ Tipos de xoguetes non sexistas, non bélicos e cooperativos.
- ✓ Aceptación das regras nos xogos cooperativos.
- ✓ Resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Selección de lecturas coeducativas.
- ✓ Búsqueda de modelos de persoas que nos sirvan de exemplos.
- ✓ Respecto pola educación en valores e as normas de convivencia.
- ✓ Estudo e análise da influencia sexista na linguaxe cotidiana, nos libros de texto, e noutras lecturas, nos medios de comunicación, etc.
- ✓ Grado de sexismo na contorna a través de enquisas, e/ou recollida de información.
- ✓ Actitude positiva e colaboradora na temática a traballar.

DATAS SINLADAS NO CENDARIO ESCOLAR

As actividades que corresponden a cada celebración están recollidas na PXA, e nas programacións correspondentes, ademais están recollido no Plan de Convivencia.

- 20 de novembro, Día Universal da Infancia;
- 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- del 2 ao 9 de decembro, conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro, Día Escolar da Paz e a Non Violencia.
- 8 de marzo, Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo, Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo, Semana da Prensa.
- 7 de abril, Día Mundial da Saúde.
- Do 20 ao 24 de abril, Semana do Libro.
- 2 de maio, Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio, Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio, Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño, Día Mundial do Medio Ambiente.
- 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBI

5.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados deste Plan, vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá comprobar se os obxectivos marcados están sendo adecuados, e se as actividades propostas son as correctas para lograr os obxectivos e así poder realizar as oportunas modificacións

Valorarase o grado de implicación de cada un dos membros que compoñen a comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas.

| INDICADOR | SI | NON | EN PROCESO |
|--|----|-----|------------|
| A participación e implicación do alumnado e o profesorado foi boa | | | |
| A dinámica dos grupos foi fluída e cooperativa | | | |
| O grado de autonomía dos grupos e o material elaborado son de calidade e libre de rasgos sexistas A reflexión colectiva e individual aportaron valores de equidade e xustiza social | | | |
| Utilizouse unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos | | | |
| O ambiente creado favoreceu a expresión sana e libre dos sentimentos de cada quen. | | | |